

Presentación d' *As horas luminosas*, de Xoán Carlos Domínguez Alberte

Delfín Caseiro Nogueiras

Liceo de Ourense, 2 de decembro de 2005

O poeta é orixinario de Escudeiros – Ramirás, nas Terras de Celanova.

Na actualidade, profesor de Lingua Galega e Literatura.

Traballou como investigador do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Compostela) e na Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, como dinamizador cultural e lingüístico na comarca de Trives.

Nesta etapa organizou e participou como relator en dous congresos arredor do poeta trivés Manuel Luís Acuña e da súa obra fundamental, *Firgoas*. Con tal motivo, fixo unha incursión na creación dramática, *A natureza no reino da escuridade (Firgoas de mocidade aló polo ano de mil novecentos dezanove ou vinte)*, inspirada no perfil mozo do poeta e pedagogo e representada por escolares da zona.

Froito do seu achegamento a outro grande poeta e xornalista foi a obra ensaística *Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética* (1999), na que subliña verbo do autor: “o poeta ten a misión de descifrar o universo na súa poesía, de traducir e interpretar todas as linguaxes da revelación.”

Preocupado pola aproximación cultural entre Galiza e Portugal, foi responsábel das *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa* (1999) e da escolma poética *Mulher a fazer vento* (1998).

O seu interese pola lexicografía materialízase na participación no *Diccionario Conceptual Galego*.

Traduciu para o galego as *Lendas* de Bécquer, as *Fábulas* de Esopo e *Arte de amar* de Ovidio.

É colaborador habitual na revista poética *Clave Orión*.

As horas luminosas (2005), o seu segundo poemario, é unha viaxe amorosa ou á procura do amor. Destino: illas Azores, Terceira e São Miguel, no medio do Atlántico, o noso mesmo mar.

Mudanza estacional e anímica con respecto ao poemario inaugural –*Material de outono* (2000)–: da luz calma e morna da outonía pásase á luz intensa e brava d' *As horas luminosas*.

En *Material de outono* o poeta procura a identificación coa natureza, coa paisaxe; mais xa aquí están o vento e o mar, como realidade e símbolo; e o amor.

O crítico e amigo Ramón Nicolás facía unha recensión no xornal *Faro de Vigo* (6 de outubro de 2005) no caderno “Faro da Cultura”:

“... o eu poético redescobre, con outros ollos se couber, un mundo desemeillante, outra vida alén da palpábel, a natureza e, sobre todo, o sentimento amoroso alicerzado maioritariamente en base a imaxes cromáticas, sensoriais, táctiles, mesmo gustativas, tiradas do mundo marítimo ou mariñeiro. Con todo, hai na primeira parte do poemario – “O mar e os sonhos”- unha inclinación non disimulada pola devandita dimensión amorosa, mesmo sensual, que tras o poema “Marea mor” abala cara á presentación dunha poética de maior introspección reflexiva, un chisco máis esencialista e intelectualizada, presente nesa derradeira sección titulada “Os espellos.”

Ao longo do libro hai resonancias, explícitas e implícitas doutros cantores do mar: as cantigas de amigo de Martín Codax e Mendiño, co mar confidente e co mar símbolo da paixón amorosa; Manuel Antonio, Avilés de Taramancos, Bernardino Graña...

As horas luminosas reúne quince poemas e estrutúrase en tres partes ou seccións. O autor, Xoán Carlos Domínguez Alberte, sabe ben que a poesía non se explica nin se entende senón que se sente. Con todo, ímonos aventurar nun mínimo exercicio de análise temática e estilística.

1. “O mar e os sonhos”.

O poemario ábrese con unha apelación á fantasía das mil e unha noites –“Ela, Sherezade”-, sempre viva e resgatada constantemente polos creadores (véxase Nélida Piñón, *Vozes no deserto*). Evocación da fantasía feita palabra, sortilexio verbal que nos eleva e que nos salva do naufraxio existencial.

*Encendes de palabras as noites
no ronsel das estrelas*

As “palabras vendimadas” de *Material de outono* son agora “palabras acuáticas”: palabras limpas, claras, puras, cargadas de sensualidade e evocacións, que se mesturan cos cantos encantados das sereas.

Viaxe amorosa ás illas de amor, tránsito máxico entre dúas inmensidades azuis: ceo e mar. Na equipaxe facturada, emocións e fantasías.

Impónse a cor azul: símbolo do pensamento espiritual, da transcendencia, isto é, da inmortalidade humana; a cor máis profunda e menos material.

No simbolismo popular centroeuropeo, o azul considérase como a cor da fidelidade.

*... esta auga
ten ollos azuis.*

As hortensias inmensas e os ollos abertos tamén son azuis. O azul é a cor da felicidade. “Augamariña”, “beixo azul”.

As “palabras acuáticas” son agora “*palabras doces / de sabor salgado.*” Mergullos no mar inmenso do pracer.

Os xogos homonímicos ou paronomásicos fanse revelación:

*Amar ...
cheiro a mar.*

Unión afectiva Galiza-Azores na xeografía amorosa das illas atlánticas. Un mar de arroaces ledos e baleas serias, que propicia ledicia inmensa.

As “palabras doces” son agora “palabras cómplices”, preludio do encontro amoroso na calma acesa do solpor, cando o sol se deita coa lúa.

Nova e suxestiva paronomasia, cargada de forte erotismo: “De sol e sal”.

As “palabras cómplices” son agora “palabras en linguas de mar”, no gozo ardente dos sentidos.

2. “Arte de amar”.

O poema “Marea mor” lévanos á deliciosa cantiga de Mendiño –*Sediam’eu na ermida de San Simion / e cercaronm’as ondas que grandes son-* e asoláganos na paixón amorosa:

*Quero mergullarme
no movemento curvo das ondas
coma un náufrago
e beber do salitre
coa ansiedade amante
de respirar terra firme.*

A paixón é “o naufraxio do ser”.

3. “Os espellos”.

Após a viaxe, fica a memoria para que as emocións perduren sempre.

Fermosura das imaxes:

Un bambán de auga para o pensamento.

Sensación de conforto, de acougo, de amor pleno.

As “palabras en linguas de mar” son agora “palabras novas”.

Omnipresenza da auga, do mar, símbolos universais da sensualidade, da fertilidade, da vida.

*Nomes que inventamos
coma rizóns de auga entre as rochas
coa forza irta do aire
cos que nos abrazar a unha nova vida
de palabras e emocións coma o mar.*

As composicións “Espello” e “Recordo” devolven a imaxe do tempo apracíbel das lembranzas; evocacións e recreacións para vivir novamente a felicidade vivida.

“Murmurios acuáticos” e “rumores acuáticos” que seguen latentes no ar emocional que nos envolve.

*O tempo é unha singradura
na melodía das augas.*

As palabras clave, “auga” e “sal” –que se achan en grandes cantidades no mar océano– remiten á vida, biolóxica e emocional. Na India, o sal foi considerado elemento afrodisíaco.

Poema “Convivencia”: a singradura mariña, no medio da tempestade, é unha alegoría da existencia.

De volta –*no confín das palabras / confín de augamariña*–, isto é, a patria, para gozar, como Simbad, as aventuras vividas e soñadas.

Na peza que cerra o libro, “O regreso de Simbad”, un verso fai explícita a intención do autor: *unha viaxe de mar e amor*. Unha nova evocación do mundo marabilloso das mil e unha noites, imaxinario ancestral, paraíso da aventura, do amor, da palabra e da fantasía.

Das terras poéticas de Celanova, val fecundo de Ramirás, chega unha voz lírica que zumega frescura e sentimento, que emprega con mestría a lingua do corazón, coñece o segredo das palabras e as sutilezas da estilística.